



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 5 DE FEBREIRO DE 2021

### 1. Acórdase por asentimento:

- Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 16 de decembro de 2020.
- Modificar os horarios para recuperar a docencia non impartida entre os días 1 e 5 de febreiro e axustar así a actividade docente ao novo calendario do segundo cuadrimestre esixido pola Resolución Reitoral do 27 de xaneiro de 2021.

### 2. Acórdase por maioría:

- Aprobar as contías a asignar ás áreas xurídicas no orzamento da Facultade.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 5 de febreiro de 2021, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios o día 8 de febreiro de 2021.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante o Reitor no prazo de un mes a contar desde o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, de acordo co disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

\*As persoas interesadas en consultar a documentación poden dirixirse ao correo electrónico da Secretaría do Decanato.  
[sdefdo@uvigo.es](mailto:sdefdo@uvigo.es)